

1. Líder

**5 1**

A SD Viveiro impúxose ao Boiro na última eliminatoria da fase de ascenso á Liga Galega infantil polo que a máxima categoría volverá a facer escala na Mariña lucense a próxima tempada da man do club celeste, que ademais recupera as tres competicións superiores do fútbol base autonómico



PRIMEIRO BAÑO NA LIGA GALEGA

O fin de festa para o fútbol afeccionado é na Marosa

O PORTAL WEB FUTBOLINLUGO ORGANIZA O PRIMEIRO ALL STAR NA PROVINCIA DE LUGO na que se citan os mellores xogadores da tempada o próximo sábado en Burela

A Marosa acollerá o vindeiro sábado o primeiro All Star Futbolinlugo, un evento que nace coa intención de poner "o fin de festa" da temporada no fútbol afeccionado lucense. A xornada, organizada pola web do mesmo nome, deperá unha tarde de fútbol, con dous partidos na axenda.

Ás 17:30 horas, xogarase un encontro feminino con futbolistas dos equipos da provincia. Será un duelo entre a selección norte composta por dezaseis xogadoras do Burela, da Milagrosa e da Comercial fronte á selección do sur con representación do Antas, do Carballedo e do Chantada. As xogadoras do Frial intercalaranse nos dous combinados.

Ás 19:30 horas, disputarase un partido masculino entre un equipo formado por dezaioito xogadores de conxuntos que participaron esta temporada na Segunda e na Primeira Rexional fronte a futbolistas de clubs que competiron durante este curso na Preferente e na Terceira Rexional.

"Vimoslle dando voltas á idea de organizar algo así desde hai algún tempo", conta Diego Díaz, de Futbolinlugo, que ofrece a través das redes sociais Facebook e Twitter e da web do mesmo nome a actualidade do fútbol afeccionado da provincia coa colaboración de "moitas persoas que nos permiten ter ollos en todos os campos".

"Imos saltar da Internet ao terreo de xogo por un día. Queremos que sexa unha xornada de festa e de confraternización entre xogadores e seareiros", apunta o xornalista deportivo, que deixa de momento en incógnita os nomes das e dos futbolistas convocadas para os dous encontros. "Irémo-

ALL STAR 2019 BURELA

CAMPO MUNICIPAL A MAROSA

17:30 SELECCIÓN NORTE VS SELECCIÓN SUR

16:30 CONCURSOS

19:30 SELECCIÓN PREF. - 3ª AUTONÓMICA VS SELECCIÓN 1ª - 2ª AUTONÓMICA

FUTBOLINLUGO

los anunciando ao longo da semana a través das redes, dunha maneira que cremos que sorprenderá", apunta.

O que si se coñecen son os equipos técnicos que se encargarán da organización do xogo. Víctor López "Vitin", Jesús Vázquez Tallón, Pili Neira, Pablo Álvarez e Roberto Fernández e o adestrador do

Burela feminino Jesús Rial.

Concursos e homenaxes

A xornada estará aderezada por concursos de tiro ao longo, tiro de precisión, gol olímpico, entre outros, abertos á participación de todos os que queiran sumarse, futbolistas e afección. Tras os partidos, renderase homenaxe a "futeboleros

que deixan o campo, aínda que sempre seguirán pendentes del. Un pequeno recoñecemento a aqueles que o deron todo durante estes anos polo fútbol da provincia e que o expandiron por fóra".

Ademais, preparan un acto en lembranza do histórico dirixente do Taboada, Anxo Rodríguez "Canti", falecido recentemente.

Farán memoria cunha exposición de fotografías que repasan case catro décadas de entrega ao club, as dúas últimas como directivo.

O All Star Futbolinlugo concluirá coa entrega dun detalle aos participantes e coa elección do mellor xogador e xogadora de cada partido, ademais dos máximos goleadores

da festa do fútbol que se vivirá na Marosa.

"Aproveitando a xuntanza decidimos organizar unha cea en Burela para quen queira vir a pechar o día con nós". A comida, a un prezo de 20 euros, será no Restaurante A Marquesa. Todos os interesados poden anotarse para asistir aínda o longo da xornada de hoxe.

A SD Burela gañou máis que perdeu

DURA DERROTA EN RIVEIRA da expedición mariña que soubo encaixar o fracaso deportivo e a derrota da mellor forma posible

O Burela quedouse ás portas da Liga Galega infantil. O conxunto mariño asinou unha espectacular tempada na que foron campións provinciais e rozaron o ascenso ata en dúas ocasións.

A primeira oportunidade de dar o salto de categoría tívérona na eliminatoria de campións que os mediú co Narón. Tamén nun cruzamento no que os de Javi Ruiz tomaron vantaxe no partido de ida disputado na Marosa no que se impuxeron por tres goles a dous, quedando apeados no encontro de volta polo valor dobre dos goles tras perder por tres a dous.

A partir de aí, a porta do ascenso abriase de novo pero para iso habería que percorrer un camiño máis longo que o Burela aceptou. O primeiro rival foi o Numançia de Ares ante o que os mariños deixaron a eliminatoria sentenciada no partido de ida co un a cinco final, convertendo en trámite o partido de volta na Marosa que terminou con seis a dous.

O seguinte e último

4


DERROTAS o Burela disputou esta tempada 28 partidos rematando a primeira fase invicto no Grupo Norte, quedando campión Provincial con só dúas derrotas e perdendo tan só os dous encontros de volta das eliminatorias decisivas na fase de ascenso

escollo sería o Sálvora ante o que as cousas puxéronse de cara tralo seis a tres co que finalizou o partido de ida na Marosa.

Tan só quedaban oitenta minutos en Riveira e cunha renda de tres goles para o soño do ascenso, que ao final se converteu en pesadelo.

O ambiente hostil que creou o Sálvora desde antes de empezar o encontro facía presaxiar que as cousas se podían complicar e así foi.

A intensidade local foi moi alta e con ela dominaron o encontro nos primeiros minutos aínda que o un a cero non chegou ata o ecuador da primeira parte. Con todo, ao descanso o resultado xa era



Arbitro: Iván Rubio, Jorge Urbano e Adrián Rodríguez. Campo: Anexo Feiteira

“Visto o deste encontro os valores no deporte están pouco apreciados pero prefiro non ascender e quedarme cos valores da SD Burela” JAVI RUIZ Burela SD

de tres a cero e o Sálvora poñíase por primeira vez por diante na eliminatoria.

Ao comezo da segunda parte chegou a lesión de Gayoso pero Adrián tivo unha clara ocasión para que o Burela volveuse tomar o mando dunha eliminatoria que co catro a cero e o cinco a cero deu un xiro total.

O Burela intentouno pero non puido, aínda que a derrota e a eliminación quedaron eclipsadas polo excelente comportamento de todo o persoal que en ningún momento entrou en provocacións e soubo encaixar a dolorosa derrota e a eliminación cumha exquisita deportividade.



Os xogadores do Burela ao remate do encontro en Riveira



Javi Ruiz agradecendo o esforzo e comportamento dos seus



Cabeza arriba tralo asubio final do encontro ante o Sálvora



O Sálvora celebrando o ascenso tras remontar a eliminatoria final. Os de Riveira serán equipo da Liga Galega infantil a próxima tempada na que competirán ante Lugo e Viveiro.

A Liga Galega infantil volve

A MÁXIMA CATEGORÍA DO FÚTBOL BASE INFANTIL REGRESA Á MARIÑA LUCENSE TRAS VARIAS TEMPORADAS



Inicio da celebración tralo asubio final do colexiado



Árbitro: David Jiménez, Losada Menacho e Manuel Martínez Campo: Marcos Gómez

“Le dedicamos esto a todos los que creyeron que este ascenso a la Liga Gallega infantil era posible desde el principio de temporada” **ANTONIO SERRANO** SD Viveiro

A Liga Galega infantil volverá facer escala na Mariña Lucense tras varias temporadas na que a máxima categoría non estivo presente. Farao da man da SD Viveiro, que asinou o ascenso o pasado sábado no Municipal Marcos Gómez.

Tras confirmarse a presenza dos celestes na Liga Galega infantil, Viveiro recupera as tres categorías de fútbol once en competicións superiores, algo que tan só ten o Lugo na Provincia.

A tempada do infantil dirixido por Antonio Serrano foi de menos a máis. Ao comezo de curso non estaban no grupo de principais aspirantes ao ascenso pero, co paso da competición e co esforzo realizado polo club na fase de ascenso para volver gozar da máxima categoría a próxima tempada, o soño converteuse en realidade.

Na primeira fase da tempada, no Grupo Norte

infantil, o Viveiro clasificouse para o Provincial quedando terceiro tras Burela e Ribadeo, perdendo dous encontros ante Foz, 4-3, e Burela, 4-1.

Clasificábanse tres equipos para o Provincial e o Viveiro subíase ao último vagón. Xa na segunda fase quedou claro moi pronto que Burela, Ribadeo, Villalbés e Viveiro se xogarian as tres prazas para disputar a fase de ascenso á Liga Galega infantil. Tres prazas para catro equipos nunha loita que durou ata a última xornada.

O Viveiro soñou co primeiro posto ata que o Villalbés os espertou na Magdalena, a falta de cinco xornadas. A partir de aí, o obxectivo foi clasificarse e o club empezou a traballar na sombra para reforzar o equipo.

Con tres derrotas, un empate e doce vitorias, o Viveiro alzouse co segundo posto no Provincial e cunha praza na fase de ascenso.



Xogadores e corpo técnico celebrando o ascenso ao remate

A aposta do club foi acorde con xogadores e familiares, reforzar o equipo para que a base do grupo, de primeiro ano, puidese gozar a próxima tempada da máxima categoría.

Chegaron as incorporacións e fixérono da mellor forma posible. Poñéndose o mono de traballo como os que máis e preparando a conciencia unha fase de ascenso que rozou, se non logrou, a perfección.

Conscientes de que o camiño sería longo ao ter que xogar e gañar tres eliminatorias para ascender,

o Viveiro foi paso a paso. O primeiro rival foi o Estrada, conxunto ao que os celestes se impuxeron a domicilio por 0-3 e no partido de volta por 6-0. O segundo rival foi o Cambre, que perdeu no Marcos Gómez por 5-0 no partido de ida e por 0-3 no de volta.

No horizonte xa tan só quedaba o Boiro, outro equipo que pasara dúas roldas previas e que se reforzara tamén para a fase de ascenso con xogadores do Bertamiráns da Liga Galega.

No partido de ida, o



Os xogadores seguindo ao Presidente Paco Rojo no campo



Mister e Presidente fundíndose nun abrazo de ascenso



A festa do ascenso trasladouse á ría onde se deron un chapuzón xogadores e corpo técnico



Os xogadores mollando ao adestrador Antonio Serrano

rá a facer escala en Viveiro

OS ANOS DE AUSENCIA nunha próxima tempada na que haberá dous equipos da Provincia nela



te do encontro ante o Boiro no Campo Municipal Marcos Gómez de Viveiro



A piña dun equipo que xa é de Liga Galega infantil



A ledicia tralo pitido final do colexiado no Marcos Gómez

Viveiro impúxose por 0-2 polo que tan só faltaba rematar a faena en casa.

O Municipal Marcos Gómez rexistrou unha gran entrada para presenciar o último encontro da tempada no que estaba en xogo un ascenso e a volta da Liga Galega infantil a Viveiro e á Mariña lucense.

Todo isto extramotivou a un Viveiro que saltou ao campo precipitado en ataque pero seguro en defensa, sen que o Boiro dese sensación de perigo. Aos poucos, os celestes entonáronse con Alejandro

como xefe da defensa e con Lucas Fanego imparable.

No ecuador da primeira parte, Alejandro acudiu á súa cita co gol para facer o un a cero. Acto seguido Ayana, cun gol olímpico, sentenciou a eliminatoria e Lucas, co tres a cero, o ascenso nun partido que chegou ao descanso con catro a cero tras un novo tanto de Carlos.

A segunda parte sobrou xa que tan só a incerteza por se o Viveiro terminaría a fase de ascenso sen encaixar un gol mantiña a atención sobre o terreo de

xogo á espera de que chegase o asubio final para iniciar a festa polo ascenso.

Ao final o Boiro rompeu a imbatibilidade cun gol pero o que non evitou foi o ascenso dun Viveiro que gañou a pulso unha praza a próxima tempada na máxima categoría do fútbol infantil.

Co asubio final de Jiménez Jiménez empezou a festa no Cembedo e trasladouse ás duchas e a ría, con xogadores, corpo técnico, directivos e familiares sendo os protagonistas tras alcanzar o obxectivo.

25-1

GLOBAL FASE ASCENSO na que o Viveiro asinou 25 goles en seis encontros disputados e tan só encaixou 1, o último cando xa todo estaba sentenciado

2

EQUIPOS LUCENSES na Liga Galega infantil a próxima tempada. Viveiro e Lugo serán os representantes da Provincia na máxima categoría



Lucas Fanego coa camiseta conmemorativa do ascenso



Os xogadores meteron ao presidente na ducha do Cembedo



Foto do plantel coas camisetas do ascenso como remate da festa no campo municipal Marcos Gómez de Viveiro

Lugo estivo presente na Gala da Real Federación Galega de Fútbol

JOSÉ MONTERO, PRESIDENTE DO SAN ROQUE, E A ADC A PIRINGALLA foron distinguidos o pasado venres en Santiago

A Real Federación Galega de Fútbol, co seu Presidente Rafael Louzán Abal á cabeza, puxeron o punto e final á tempada futbolística coa súa xa tradicional Gala de Premios, que nesta edición tivo no cambio de escenario a súa principal novidade ao levarse a cabo no Salón de Convencións do Edificio Clinic da Cidade da Cultura en Santiago de Compostela.

O fútbol lucense, ademais de estar representado coma sempre polo Vicepresidente da Federación Galega de Fútbol, Carlos Méndez, tivo o seu protagonismo cos recoñecementos ao presidente do San Roque José Montero e á Piringalla, no apartado de clubs.

José Montero recibiu a

distinción "Premio a toda unha vida" na categoría de directivo ou colaborador.

Desta forma a Federación Galega de Fútbol recoñeceu nesta edición da súa Gala de Premios a unha das figuras máis coñecidas do fútbol lucense, Montero, quen tras ser un das cabezas visibles durante moitos anos no Polvorín creou o San Roque, club que preside na actualidade.

A Asociación Deportiva e Cultural A Piringalla levou nesta edición o recoñecemento de clubs na Provincia de Lugo, un galardón que tamén recibiron Oza Juvenil, Narón, Freixo, Outes, Boiro, Ourense, Juventud de Cambados e Vila de Corpus.



José Montero recibindo o "Premio a toda unha vida"



Stand de recepción do acto, que se celebrou por primeira vez no Edificio Clinic da Cidade da Cultura de Compostela



Torneo Copa Primavera F-8

A SDC RESIDENCIA ORGANIZOU UN ANO MÁIS NO CAMPO MUNICIPAL DA CHEDA
esta cita post tempada na que participaron equipos alevíns, benxamíns e prebenxamíns

A SDC Residencia fixo triplete na Copa Primavera que se disputou do 10 ao 13 de xuño no campo da Cheda. O torneo, organizado polo Atlético Abuín coa colaboración do Concello de Lugo, reuniu vintecatro equipos capitalinos das categorías alevín, benxamín e prebenxamín.

A competición decidiuse co habitual formato dunha fase de grupos, cos equipos divididos en dous cadros. Os campións de cada un deles xogaron as semifinais, no caso dos prebenxamíns, e finais.

Alevín

Residencia A e B, Atlético Abuín A e B, Polvorín A e B, Sagrado Corazón A e B, Milagrosa e Casás completaron o elenco de participantes na categoría alevín, a máis nutrida do torneo.

A Residencia A clasificouse para disputar a final con tres vitorias e un empate, a uns contra o Atlético Abuín, que pugnou ata o penúltimo encontro por unha praza na final. Aos branquiazus tocoulles medirse a Milagrosa que gañou o seu billete cunha folia de ruta aínda mais meritoria, cun pleno de vitorias e sen encaixar ningún gol.

Sen embargo, no partido decisivo, o equipo de Kaiser, que tivera a mellor media anotadora na fase de grupos con cinco goles por encontro, estivo máis atinado cara a portería e impúxose por 0 a 2.

Benxamín

Oito equipos –Residencia A e B, Polvorín A e B, Atlético Abuín, Milagrosa, Sagrado Corazón e Casás– competiron polo trofeo na categoría benxamín, a máis igualada.

De feito, tanto Residencia A como Sagrado Corazón, os dous finalistas, clasificáronse grazas ao goleaverage tras igualar a puntos con Polvorín e Milagrosa, respectivamente, na fase de grupos.

No último encontro, os branquiazus impuxéronse por 4 a 2, dando a volta aos precedentes do campionato provincial no que Sagrado Corazón se apuntara os dous duelos directos.

Prebenxamín

Sagrado Corazón A e B, Residencia, Atlético Abuín, Milagrosa e Casás foron os protagonistas do torneo nesta categoría, na que os dous primeiros de cada grupo tiveron que disputar unhas semifinais para acceder ao partido polo trofeo.

Residencia e Milagrosa superaron o corte no primeiro grupo, mentras que Sagrado A e Casás lograron o pase no outro cadró. Nas eliminatorias, que cruzaron a primeiros e segundos, os branquiazus impuxéronse con claridade aos colexiais (7-1) mentras os da Friga superaron, con mais apuros (0-1), ao Sagrado Corazón.

A final estaba servida e os máis pequenos da Cheda quixeron completar o triplete. Impuxéronse cun tres a cero que lles deu o terceiro título do torneo aos branquiazus.



Conchi Fernández, de Roixal, entregándolle un agasallo a Manolo, adestrador da Milagrosa, ante o equipo, subcampión alevín



Miguel Fernández, concelleiro de Deportes, Conchi Fernandez, Nieves Sánchez e Julio Pazos, coa Residencia A, campión alevín



A Sociedade Deportiva e Cultural Residencia asinou un acordo de colaboración e patrocinio coa empresa Grupo Roixal Automoción co que se pretende fortalecer o deporte base na cidade e do que saíran beneficiados os nenos e nenas do club.



Os xogadores e técnico do Sagrado Corazón, subcampións da categoría benxamín, posan cos seus agasallos trala final

DEPUTACIÓN
DE LUGOA DEPUTACIÓN
DE LUGO
CO DEPORTE

RECEPCIÓN BURELA FSF

AS CAMPIOAS DA COPA DA RAÍÑA DE FÚTBOL SALA FEMININO foron homenaxeadas e recibidas pola Deputación de Lugo e Darío Campos



O Presidente da Deputación en funcións, Darío Campos Conde, recibiu este xoves ás xogadoras do Pescados Rubén Burela FSF, que veñen de gañar a Copa da Raíña de fútbol sala. A Deputación achegou 20.000 euros para a celebración da XXV edición do campionato, que se celebrou en Burela o pasado fin de semana e que reuniu os oito primeiros clasificados da Liga Foro 16 Feminismo. As mariñás acadaron o título nunha final que se prolongou ata os penaltis, contra o campión da Liga, o Futsi Atlético Navalcarnero.

Durante o acto, no que tamén participou a Vicepresidenta do club, Cesarina Fanega, Campos Conde destacou "o momento clave que vive o deporte feminino, demostrando cada día que pode ofrecer a mesma calidade e espectáculo que o masculino. Trátase, así mesmo, dun momento que as institucións non podemos deixar pasar, polo que debemos seguir apoiando e reivindicando a igualdade tamén neste eido. Dende a Deputación queremos facer desta institución e desta provincia un referente cando se fale de deporte feminino, pois supón un avance moi importante para acadar a igualdade real entre homes e mulleres".

Nesta temporada o equipo masculino do Pescados Rubén Burela FS conseguiu o ascenso á Primeira División, converténdose no único club de España que conta con equipo masculino e feminino na máxima categoría do fútbol sala nacional.

As xogadoras remataron unha temporada de éxitos despois de quedar segundas no campionato de Liga e ser campioas da XIII Copa Galicia, ademais de acadar a súa segunda Copa de España, que por primeira vez levou o nome de Copa da Raíña de Fútbol Sala. Afirmar que o seu equipo está feito para gañar títulos e afrontar a próxima tempada coa ilusión de conseguir o dobrete en Liga e Copa.

DEPUTACIÓN
DE LUGOA DEPUTACIÓN
DE LUGO
CO DEPORTE